

MANUEL NÚÑEZ SINGALA ■ Escritor

“Cada vez é máis difícil poder vivir cunha lingua soa no mundo no que estamos”

“Todas as linguas son útiles; hai que evitar as concepcións prexuzosas dos idiomas”

ÁNGEL GRAÑA ■ Silleda

Estudantes de terceiro e cuarto da ESO do IES Pintor Colmeiro de Silleda participaron onte na biblioteca do centro nunha actividade extraescolar co escritor e filólogo Manuel Núñez Singala. Núñez coordinou un obradoiro de lectura no que os xóvenes compartiron as súas inquietudes literarias co autor.

—Cómo lle foi cos rapaces?

—Moi ben. Foi unha charla interesante sobre un libro, unha novela escrita por min chamada “Caminhos na auga”, que tiveron que ler e despois falamos un pouco sobre o libro. Eu conteilleis cómo se xestou a obra e como se leva adiante, e eles fixeron preguntas sobre o tema.

—Foi un público agradecido?

—Sí, son bastantes noviños, pero moi agradables. Normalmente hai unha diferenza bastante clara —non sempre, eh!— entre o que é o interior e a costa. Na costa sonche máis inquietos, en xeral. Aquí, normalmente atenden máis nas charlas; é unha maneira de ser moi diferente.

—No seu libro “Sacar a lingua é de mala educación” fala das oportunidades do multilingüismo na infancia e na idade adulta. Funciona na sociedade galega actual?

—Eu penso que o mundo é multilingüe, e que cada vez o terá que ser máis porque cada vez é máis difícil poder vivir cunha lingua soa no mundo no que estamos, como se pode comprobar facilmente. Hai anos sí que podías falar só un idioma, fose galego ou castelán, e non sentías máis necesidade. Hoxe en día é necesario, sobre todo o inglés, que nos guste ou non é a lingua franca, a lingua de comunicación internacional do noso tempo.

—Hoxe tamén está moi extendi-



Manuel Núñez, onte, no obradoiro de lectura do IES Pintor Colmeiro de Silleda. // Bernabé/Javier Lalín

da a moda entre as parellas novas de falarlle aos fillos en dous idiomas. Non pensa que o inglés que podemos aprenderlles aos nenos será bastante deficiente?

—O mesmo lles pasa aos rapaces que aprenden a falar galego e castelán. Hai un tempo no que misturan os dous idiomas, moito menos do que normalmente se pensa porque enseguida se dan de conta, e distinguen un código de outro. Despois eles acaban distinguindo, e aínda que adquiren de maneira precaria o inglés, máis adiante si lles interesa xa o irán perfeccionando. O que é importante é aprender distintas linguas canto máis cedo mellor. Aquí temos a posibilidade de ser compe-

FICHA PERSOAL

■ Naceu en Lugo no ano 1963, aínda que antes de cumprir os tres anos foi vivir a Vilalba. Licenciouse en Filoxía Galega en Compostela e traballou no Parlamento de Galicia. Dende o ano 1988 dirixe o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago.

tes desde a infancia en dous idiomas, e iso supón xa unha riqueza e unha vantaxe á hora de adquirir unha terceira ou unha cuarta. O que está demostrado cientificamente é que os rapaces monolingües teñen

moitos máis problemas de adquisición dunha segunda lingua que os bilingües de adquirir unha terceira.

—Cal é a idade perfecta para que o multilingüismo forme parte da vida cotián dun neno?

—Moitas veces os nenos o que fan, sobre todo cando son máis pequenos, é valorar o que ven que os pais valoran. Entón, si os pais lle dan a importancia que ten lalar dous ou tres idiomas, os rapaces vanlle dar importancia a iso tamén. Os nenos moitas veces son afeccionados ao fútbol porque os pais tamén o son. Despois, hai que saber que as linguas son linguas e que todas son útiles e válidas, e evitar tamén as concepcións prexuzosas dos idiomas.

“Paréceme un erro reivindicar a ignorancia”

—Concorda en que o inglés lle gañou a partida ao francés como lingua estranxeira?

—En cuestión de linguas, o que está claro é que canto máis mellor. Durante moitos anos o francés foi un pouco a lingua da cultura, da arte e París era un pouco a capital do mundo, non? Agora a capital do mundo é Nova York, e até os artistas pasan todos por all. O inglés comeille un pouco o terreo ao francés como lingua ponte, como lingua internacional, algo que se comproba en tódolos aeroportos do mundo. Fai un pouco o papel do latín na antigüidade, na ciencia tamén porque os textos científicos publicáanse sobre todo en inglés igual que nos séculos anteriores estaba todo escrito en latín.

—Como filólogo, cal é o seu diagnóstico do galego actual?

—É evidente que se está a perder moito galego nas zonas urbanas. Os galegos estamos facendo unha aposta equivocada. Apostar polo galego non supón esquecer o castelán, nin moito menos. Non creo que exista ningún tan estúpido para pensar algo así. Unha cousa non quita a outra, e hai xente que cando hai dúas opcións pois moita veces séntese obrigada a escoller, cando o máis intelixente sería non facelo, evidentemente. Ti podes usar o galego e ser completamente competente no español, e usas un ou outro indistintamente. O que me parece un erro é reivindicar a ignorancia. O saber non ocupa lugar e por iso non entendo a esa xente que asegura que o galego non lle interesa e que por iso non o quere saber. O prestixio dunha lingua chégalle grazas ao prestixio dos seus falantes. A lingua é o principal trazo da nosa identidade. Sería catastrófico que se poida perder para sempre un patrimonio de tanto valor simplemente por desidia.

REDACCIÓN ■ Lalín

O salón de actos do instituto Laxeiro, de Lalín, acolleu onte un acto de homenaxe á escritora e docente Chus Pato, con motivo da súa incorporación como académica numeraria á Real Academia Galega (RAG) e a obtención do premio Clara Campoamor, que concede o Concello de Ourense pola igualdade de oportunidades.

O acto, que tivo unha hora de duración, contou coa participación principalmente do alumnado de Bacharelato. Os alumnos realizaron a lectura de poesía acompañados pola banda do instituto. O músico Benxamin Otero no faltou á cita e colaborou coa banda instrumental na distinción desta mestra do centro. Como sorpresa, os escritores Xabier Cordal e Antón Blanco tamén se achegaron ao centro educativo dezoa para rendirle o tributo á súa compañera. Como non podía ser

O IES Laxeiro honra á súa académica

O centro dezano realiza unha homenaxe á profesora Chus Pato



As mestras de cerimonias do evento, con Chus Pato e Uxío Grande. // Bernabé/Javier Lalín

doutra maneira, ambos tiveron a oportunidade de recitar versos propios, como da propia académica numeraria ou de Xosé Luis Méndez Ferrín.

O salón de actos do IES Laxeiro acolleu o evento onde tanto alumnos como a propia dirección do centro, con Uxío Grande á fronte, quixeron recoñecer o traballo desta docente, que na actualidade imparte docencia nas clases nocturnas para adultos que ofrece o instituto.

Hai que lembrar que a escritora recibiu o premio da última edición do Premio Clara Campoamor á igualdade de oportunidades, por unanimidade. Este galardón súmase ao curriculum que atesoura esta profesora de Ensinanza Secundaria, feminista, escritora, integrante da Real Academia Galega e unha das figuras máis relevantes e vangardistas da poesía galega actual.